

Os muíños da Regueira

Versión en castellano por la otra cara

agochan moitas tradicións

En Galicia houbo moitos muíños de auga pola abundancia de ríos e regatos. A forza da auga moveu todas as súas pezas para moer os cereais. Do millo, do centeo e do trigo obtíñase a fariña que foi esencial para elaborar o pan e alimentar as persoas e o gando.

Os muíños foron tamén lugares de encontro, festa e muiñada na espera do cereal moído, agochando un rico mundo de manifestacións culturais e etnográficas.

Hoxe en día moitos están abandonados pola transformación do agro, perdéndose algúns dos valores que acollen. Resulta necesario conservar estes importantes valores culturais, arquitectónicos e etnográficos para ter presentes a nosa cultura e tradicións.


■ A este muíño chámalle *De Arriba*; foi de parceiros, isto é, pertencía a varios veciños que facían “pezas” ou roldas para moer. Neste regato de Bardaio hai cinco muíños máis, chamados do Cabildo, da Ameixenda, da Ourada, de Herdeiros e dos Carballos.



Busca pola zona a Fonte da Pedra, que nunca secou, con auga de excelente calidade.

As pezas do muíño, un funcionamento perfecto con enerxía renovable

A enerxía da auga, limpa e renovable, move todo este mecanismo, feito con perfección polas mans artesáns. O rodicio móvese coa forza da auga e transmíttelle o xiro á moa. Esta tritura o cereal que vai caendo desde a moega. No tremiñado várrase a fariña coa vasoira e métese no saco.



■ Ás pezas do muíño danlles en Galicia moitos nomes diferentes. Recollemos algúns nomes locais.

Unhas das moitas cantigas que soaron nestes muíños

*Non quero ir ao muíño
nin varrer o tremiñado
que despois no outro mundo
piden contas do roubado.*

*Unha noite no muíño
Unha noite non é nada
unha semana enteira
esa si que é muiñada*

¿Sabes que é unha muiñada? Podes investigar preguntándolles aos maiores de Bardaio